

## **ORDE INSTALACIÓNS**

**Orde pola que se regulan os criterios de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia de diversas cuestións técnicas e se publican os modelos de documentos do Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios aprobado polo Real Decreto 1027/2007 de 20 de xullo.**

O Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios (en adiante regulamento) aprobado polo Real Decreto 1027/2007 de 20 de xullo ten por obxecto establecer as esixencias de eficiencia enerxética e seguridade que deben cumprir as instalacións térmicas nos edificios destinados a atender a demanda de benestar e hixiene das persoas, durante o seu deseño e dimensionamento, execución, mantemento e uso, así como determinar os procedementos que permitan acreditar o seu cumprimento.

A entrada en vigor deste novo regulamento fai necesario establecer uns criterios de aplicación claros en determinadas cuestións de tipo técnico para evitar que diferentes interpretacións do novo regulamento dean lugar a situacións non desexadas no sector, así como establecer os modelos dos documentos técnicos necesarios para a inscrición das instalacións.

As medidas contempladas no antedito regulamento perseguen o aforro enerxético e posúen unha clara dimensión ambiental, destinadas, por unha banda, a mellorar a calidade do aire das nosas cidades e, por outra, engaden elementos a loita contra o cambio climático.

Por outra banda, o contexto enerxético mundial e os compromisos adquiridos pola nación en relación co cumprimento de compromisos medioambientais, fan necesario limitar a instalación de equipos de baixos rendementos enerxéticos, máxime tendo en conta que, na data actual, os fabricantes están en disposición de suministrar equipos de rendementos elevados, polo que considerase necesario establecer unha data límite para a instalación de equipos por baixo dun rendemento enerxético mínimo.

O artigo 12.5 da Lei 21/1992, de 16 de xullo, de Industria, dispón que os regulamentos de seguridade de ámbito estatal se aprobarán polo Goberno da Nación, sen prexuízo de que as Comunidades Autónomas con competencia lexislativa sobre Industria, poidan introducir requisitos adicionais sobre as mesmas materias cando se trate de instalacións radicadas no seu territorio.

O artigo 30.I.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, atribúelle á Comunidade Autónoma competencias exclusivas en materia de Industria, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, nos termos do disposto nos artigos 38, 131, 149.1º, 11 e 13 da Constitución.

Como consecuencia do antedito, e por proposta do director xeral de Industria, Enerxía e Minas,

## **DISPÕÑO**

### **Artigo 1º. Obxecto.**

O obxecto desta orde é desenvolver, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o establecido polo Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios (RITE) aprobado polo Real Decreto 1027/2007 de 20 de xullo, en adiante regulamento.

### **Artigo 2º. Ámbito de aplicación.**

Esta orde é de aplicación ás instalacións térmicas fixas de climatización e de produción de auga quente sanitaria destinadas a atender as demandas de benestar e hixiene das persoas en edificios de nova construción ou nas reformas das mesmas en edificios existentes.

Tamén será de aplicación ás instalacións térmicas existentes destinadas a atender as demandas de benestar e hixiene das persoas canto ao seu mantemento, uso e inspección.

### **Artigo 3º. Inscripción das instalacións térmicas.**

Estarase ao disposto no capítulo III do regulamento, cumprindo ademais as seguintes normas xerais:

Para a posta en funcionamento das instalacións incluídas no ámbito de aplicación do regulamento é necesario a inscrición da instalación no rexistro de instalacións térmicas da delegación provincial da consellería competente en materia de Industria, para o cal a empresa instaladora dirixirá a esta a seguinte documentación, dependendo da potencia térmica da instalación:

#### **Instalacións de potencia térmica entre 5 e 70kW:**

- Solicitud de inscrición, segundo o anexo I desta orde.
- Certificado da instalación asinado polo instalador autorizado, selado pola empresa autorizada e acompañado das follas de resultados das probas realizadas segundo o artigo 22 do regulamento, segundo o anexo II desta orde.
- Memoria técnica, segundo o anexo III desta orde.
- Plano de situación;
- Plano de planta con indicación da situación dos emisores e trazado das conducións.
- Esquema de principio da instalación;
- Anexos de cálculo.
- Certificado da cheminea.

#### **Instalacións de potencia térmica superior a 70kW:**

- Solicitud de inscrición, segundo o anexo I desta orde.
- Proxecto da instalación.
- Certificado da instalación asinado polo instalador autorizado e o director da instalación, visado polo colexio oficial correspondente e acompañado das follas de resultados das probas realizadas segundo o artigo 22 do regulamento, segundo o anexo II desta orde.

- Certificado da cheminea.
- Contrato de mantemento con empresa mantedora autorizada.

Non serán obxecto de inscrición as instalacións de xeradores de calor de fogar aberto agás no caso de que estean conectadas a redes de tubarías e/ou a conduto, debendo cumprir o punto 6 da IT.1.3.4.1.1 do regulamento.

No caso das instalacións de ventilación sen tratamento térmico, procederá a tramitación administrativa sempre que a súa potencia eléctrica nominal sexa superior 5 kW.

#### **Artigo 4. Certificado de mantemento.**

Anualmente o mantedor autorizado, e o director de mantemento cando a participación deste sexa preceptiva, deberán subscribir o Certificado de Mantemento segundo o modelo establecido no Anexo IV da presente orde.

No caso de instalacións de potencia nominal igual ou superior a 70kW o Certificado de Mantemento suscrito deberá ser remitido á delegación provincial da consellería competente en materia de Industria mediante o sistema informático a desenvolver pola consellería competente en materia de Industria.

#### **Artigo 5. Subministro provisional de enerxía.**

Cando sexa necesario dispoñer de enerxía para a realización das probas ás que se refire o Artigo 22 do regulamento, o instalador autorizado ou o director da instalación solicitará un subministro provisional de enerxía á empresa subministradora.

Unha vez que a instalación dispoña de subministro provisional de enerxía, o prazo máximo para a realización das probas será de 30 días. En casos debidamente xustificados poderase ampliar este prazo con autorización expresa da Delegación provincial da Consellería de Innovación e Industria.

Transcorrido dito período, a empresa subministradora procederá ao corte do subministro ata que o titular da instalación lle solicite o subministro regular de enerxía presentando unha copia do certificado da instalación (modelo segundo anexo II) debidamente inscrita no rexistro de instalacións térmicas da Delegación provincial da Consellería de Innovación e Industria.

#### **Artigo 6. Consideración de enerxía renovable.**

Aos efectos de diminución da contribución solar mínima á que se refire o Código Técnico de Edificación, Sección HE 4, cando se cubra o aporte enerxético de auga quente sanitaria mediante o aproveitamento de enerxías renovables, entenderanse como tales os recursos e tecnoloxías que non procedan de combustibles fósiles ou de orixe nuclear.

Tamén terán a consideración de enerxía renovable aqueles sistemas que funcionando con enerxías non renovables, acrediten un coeficiente de eficiencia enerxética (COP) superior a 3 de xeito continuo.

## **Artigo 7. Dimensionado de instalacións de auga quente sanitaria (AQS).**

O deseño das instalacións de AQS farase segundo o indicado no Código Técnico da Edificación, Sección HS 4 e na norma UNE 149201:2008 "Dimensionado das instalacións de auga para consumo humano nos edificios".

En particular, para a determinación do caudal simultáneo de AQS que deberá proporcionar a instalación térmica que se proxecte, aplicarase o punto 5 da citada norma UNE nas condicións máis desfavorables, a saber:

1. Nula achega do sistema de enerxía solar para a produción de AQS.
2. Salto térmico máis desfavorable con temperatura de entrada da auga segundo a táboa 3 da norma UNE 94002-2005 e temperatura de preparación mínima de 53° C.

A instalación térmica deberá proporcionar o caudal simultáneo así obtido durante un tempo mínimo de 10 minutos.

## **Artigo 8. Xeración de calor**

Sen prexuízo do indicado na IT 1.2.4.1.2, deberanse seguir as seguintes normas xerais:

Queda prohibida a instalación de xeradores de calor con marcado de prestación enerxética inferior a tres estrelas segundo o Real Decreto 275/2005, de 24 de febreiro, a partir do un de xaneiro de 2010.

En casos excepcionais poderán instalarse xeradores de calor con marcado de prestación enerxética inferior a tres estrelas, sempre e cando se xustifique adecuadamente e se conte coa aprobación expresa da Delegación provincial da consellería competente en materia de Industria.

As instalacións térmicas deberán deseñarse de xeito que o xerador de calor traballe nas condicións de máximo rendemento.

Nos casos de caldeiras individuais mixtas (para produción de AQS e calefacción) e co fin de adecuar a potencia instalada ás necesidades reais da instalación, a potencia nominal da caldeira no seu chanzo mais baixo non poderá superar en mais dun 20% a potencia total demandada en calefacción.

## **Artigo 9. Evacuación dos produtos da combustión.**

A evacuación dos produtos da combustión realizarase segundo o indicado na IT 1.3.4.1.3 do RITE e conforme as seguintes normas xerais:

Os edificios de vivendas de nova construción nos que non se prevea unha instalación térmica por combustión nin central nin individual, disporán dunha preinstalación para a evacuación

individualizada dos produtos da combustión, ben mediante chemineas individuais ou colectivas que, conforme coa normativa europea, desemboquen por cuberta e que permitan conectar caldeiras de cámara de combustión estanca tipo C, segundo a norma UNECEN/TR 1749 IN.

No caso de chemineas colectivas, os puntos de entronque das caldeiras estarán selados e levarán unha etiqueta indeleble na que constará o tipo de caldeira a instalar e a potencia máxima da mesma.

Nos edificios de nova construción nos que se prevea instalación térmica, a evacuación dos produtos da combustión realizarase sempre pola cuberta da edificación a través de chemineas iguais as previstas no apartado anterior.

En vivendas unifamiliares de nova construción a evacuación dos produtos combustión realizarase sempre pola cuberta da edificación.

En edificios existentes non está permitida a evacuación por conduto con saída directa a patio salvo no caso de que se trate de patios abertos definidos no Decreto 262/2007 do 20 de decembro polo que se aproban as normas do hábitat galego.

A solución de saída dos produtos da combustión ao exterior con condutos por fachada ou patio aberto non será admisible no caso de instalacións térmicas centralizadas de edificios que procedan a descentralización total ou parcial instalando caldeiras individuais; neste caso deberá optarse pola solución de saída a cuberta nos termos establecidos regulamentariamente.

A estes efectos, cando se proceda á instalación dun sistema térmico mediante caldeira individual nun edificio existente, a empresa instaladora deberá certificar que non se trata dunha descentralización dunha instalación térmica centralizada.

#### **Artigo 10. Illamento térmico de redes de tubarias.**

O illamento térmico das redes de tubarias realizarase segundo o disposto na IT 1.2.4.2.1 e conforme as seguintes normas xerais:

As redes de tubarias de instalacións de auga quente sanitaria disporán de illamento térmico en calquera caso. O cálculo do devandito illamento realizarase segundo os procedementos establecidos na IT 1.2.4.2.1

Unicamente poderá prescindirse do illamento no caso de condutos polos que circulen fluídos non suxeitos a cambio de estado e cando estea garantido que as perdas globais no conxunto das conducións non superan o 4% da potencia máxima que transportan.

#### **Artigo 11. Contabilización de consumos.**

A contabilización de consumos deberá realizarse segundo o indicado na IT.1.2.4.4. do regulamento.

Toda instalación térmica que dea servizo a mais dun usuario disporá dalgún sistema que permita o reparto dos gastos correspondentes a cada servizo (calor, frío e AQS incluído o aporte solar) de xeito proporcional entre os diferentes usuarios.

## **Artigo 12 Inspeccións**

As inspeccións de eficiencia enerxética, tanto iniciais como periódicas, serán realizadas por Organismos ou entidades de control autorizados neste campo regulamentario.

1. **Inspeccións iniciais:** será obrigatoria a realización dunha inspección inicial segundo o indicado no artigo 30 do regulamento no caso de instalacións cunha potencia térmica nominal total instalada maior de 5000kW en calor e/ou 1000kW en frío, así como as instalacións de calefacción ou refrixeración solar cunha potencia térmica maior de 400kW.

O certificado desta inspección inicial, que deberá ter a cualificación de aceptable, se xuntará, co resto da documentación a presentar, na delegación Provincial da consellería competente en materia de Industria, para a inscrición da instalación no correspondente Rexistro de instalacións térmicas en edificios.

2. **Inspeccións periódicas de eficiencia enerxética (IPEE):** serán realizadas segundo o indicado na IT 4.2, coas seguintes consideracións:

### 2.1. Instalacións novas (as que se lles aplica o novo regulamento):

- 2.1.1. IPEE dos xeradores de enerxía térmica: Os xeradores de calor de potencia térmica nominal instalada (P) igual ou maior de 20kW e os de frío del  $P > 12\text{kW}$  someteranse as IPEE, coa seguinte periodicidade:

2.1.1.1. Xeradores de calor: segundo a táboa 4.3.1 do regulamento.

2.1.1.2. Xeradores de frío: Hasta 70kW cada 5 anos. Para  $P > 70\text{kW}$  cada 2 anos.

- 2.1.2. IPEE da instalacións térmica completa: cada 15 anos.

### 2.2. Instalacións existentes á entrada en vigor do novo regulamento:

- 2.2.1. Instalacións de mais de 15 anos de antigüidade de  $P > 20\text{kW}$  en calor e  $P > 12\text{kW}$  en frío: todas estas instalacións disporán dun prazo de dous anos contados a partir da publicación desta Orde para realizar a IPEE da instalacións térmica completa segundo o indicado na IT 4.2.3. A partires dese momento se rexerán polo calendario establecido no punto 2.1 do presente artigo (instalacións novas).

- 2.2.2. Instalacións de menos de 15 anos de antigüidade de  $P > 20\text{kW}$  en calor e  $P > 12\text{kW}$  en frío: realizarán a primeira IPEE dos xeradores de enerxía térmica aos 5 anos dende a súa posta en servizo. A partir desde momento se rexerán polo calendario establecido no punto 2.1 do presente artigo (instalacións novas).

### **3. Cualificación e comunicación das IPEE:**

Aos efectos das inspeccións de eficiencia enerxética, a cualificación da instalación poderá ser:

- 3.1. Aceptable: cando non se determine a existencia dalgún defecto grave ou moi grave. Neste caso, os posibles defectos leves anotaranse para constancia do titular, coa indicación de que debe establecer os medios para subsanalos, acreditando a súa subsanación antes de tres meses. Neste caso se emitirá un certificado de cualificación favorable, que se remitirá á Delegación provincial da consellería competente en materia de Industria, que procederá ó seu arquivo.
- 3.2. Condicionada: cando se detecte a existencia de, polo menos, un defecto grave ou de un defecto leve xa detectado noutra inspección anterior y que non se teña corrixido.
- 3.3. Negativa: cando se observe, polo menos, un defecto moi grave. Neste caso se emitirá un certificado de cualificación negativa, que se remitirá á Delegación provincial da consellería competente en materia de Industria, quen deberá dispoñer a suspensión do subministro de enerxía hasta a obtención da cualificación de aceptable.

Os certificados de inspeccións periódicas de eficiencia enerxética se presentarán na Delegación Provincial da consellería competente en materia de Industria cando o sentido da cualificación sexa favorable ou negativo.

No caso de que o Certificado de inspección periódica teña a cualificación de condicionado, a entidade de control autorizada que realizou a IPEE fixará un prazo máximo de 15 días para adoptar as medidas correctoras; no caso de que dentro do prazo se resolvan as deficiencias, a instalación pasará a ter a cualificación de favorable e aplicaráselle o indicado no punto 3.1 deste artigo. Se finalizado o prazo non están resoltas as deficiencias o certificado terá a cualificación de negativo e aplicaráselle o indicado no punto 3.3 deste artigo.

Se desenvolverán procedementos para a tramitación telemática dos certificados de inspección periódica.

#### **Disposicións finais**

Primeira. Facúltase á persoa titular da dirección xeral competente en materia de Industria para modificar os anexos contidos na presente orde, así como para ditar as normas necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda. A presente orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,            de            de 2008  
Fernando Xabier Blanco Álvarez  
Conselleiro de Innovación e Industria

# ANEXO I



<b>PROCEDEMENTO</b> <b>INSCRICIÓN/MODIFICACIÓN NO REXISTRO DE INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN, CLIMATIZACIÓN E AUGA QUENTE SANITARIA</b>	<b>CÓDIGO DO PROCEDEMENTO</b> <b>IN622 A</b>	<b>DOCUMENTO</b> <b>SOLICITUDE</b>
---	---	---------------------------------------

## DATOS DO TITULAR

NOME TITULAR				NIF/CIF	
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E PISO)				CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELEFONO	FAX	ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	

## DATOS DA INSTALACIÓN

NOME/USUARIO			Nº REXISTRO INSTALACIÓN PREVIA		
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E PISO)			CÓDIGO POSTAL		
CONCELLO		REFERENCIA CA TASTRAL			
EMPRESA INSTALADORA		Nº EMPRESA INSTALADORA		PROVINCIA	
INSTALADOR		Nº INSTALADOR		PROVINCIA	
PROYECTISTA		Nº COLEGIADO		COLEGIO PROFESIONAL	
DIRECTOR DE OBRA		Nº COLEGIADO		COLEGIO PROFESIONAL	
<b>CLASIFICACIÓN INSTALACIÓN</b>					
INSTALACIÓN <input type="checkbox"/> NOVA <input type="checkbox"/> REFORMA		DESTINO DA INSTALACIÓN <input type="checkbox"/> Vivenda unifamiliar <input type="checkbox"/> Edificio (Nº de vivendas ) <input type="checkbox"/> Industrial <input type="checkbox"/> Outros			
TIPOINSTALACIÓN <input type="checkbox"/> Calefacción <input type="checkbox"/> Climatización <input type="checkbox"/> A.Q.S <input type="checkbox"/> Ventilación					
TIPO/S DE COMBUSTIBLE_OU ENERXIA (FRÍO)		TIPO/S DE COMBUSTIBLE_OU ENERXIA (CALOR)		POT. NOMINAL (FRÍO) kW	POT. NOMINAL (CALOR) kW

## DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

<b>Instalacións de potencia térmica entre 5 e 70 kW</b> <input type="checkbox"/> NIF/CIF DO TITULAR DA INSTALACIÓN. <input type="checkbox"/> MEMORIA TÉCNICA <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DA INSTALACIÓN ASINADO E SELADO <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DA CHEMINEA <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DAS INSTALACIÓNS INDIVIDUAIS CONTIDAS NA MEMORIA TÉCNICA <input type="checkbox"/> CERTIFICADO DE INSPECCIÓN INICIAL CON CALIFICACIÓN ACEPTABLE , CANDO SEXA PRECEPTIVO <input type="checkbox"/> ANEXO DE CÁLCULO <input type="checkbox"/> PLANO DE SITUACIÓN <input type="checkbox"/> PLANO DE PLANTA <input type="checkbox"/> ESQUEMA DE PRINCIPIO DA INSTALACIÓN <input type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS. CLAVE : 32.17.00.	<b>Instalacións de potencia térmica superior a 70kW</b> <input type="checkbox"/> NIF/CIF DO TITULAR DA INSTALACIÓN. <input type="checkbox"/> PROXECTO CONSTRUCTIVO DA INSTALACIÓN <input checked="" type="checkbox"/> CERTIFICADO DA INSTALACIÓN <input checked="" type="checkbox"/> CERTIFICADO DA CHEMINEA <input checked="" type="checkbox"/> CONTRATO DE MANTENIMENTO <input checked="" type="checkbox"/> CERTIFICADO DE INSPECCIÓN INICIAL CON CALIFICACIÓN ACEPTABLE CANDO SEXA PRECEPTIVO <input checked="" type="checkbox"/> XUSTIFICANTE DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS. CLAVE : 32.17.00.
--	---


**A DOCUMENTACIÓN QUE NON SEXA ORIXINAL DEBERÁ ATOPARSE DEBIDAMENTE COMPULSADA.**

<b>LEXISLACIÓN APLICABLE</b> ✓ Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios. ✓ Orde do de de 2008 pola que se regula a aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia do Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios aprobado polo Real Decreto 1027/2007 de 20 de xullo.
SINATURA DO TITULAR OU DA PERSOA QUE O REPRESENTA  _____ de _____ de 20____

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO  _____  REVISADO E CONFORME  _____	NÚMERO DE EXPEDIENTE  _____  DATA DE ENTRADA ____/____/____  DATA DE EFECTOS ____/____/____  DATA DE SAÍDA ____/____/____


Delegado/a Provincial da Consellería de Innovación e Industria en .....

## ANEXO II


 <p><b>XUNTA DE GALICIA</b> <b>CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA</b></p> <p>Delegación Provincial de .....</p>	<p><b>CERTIFICADO DE INSTALACIÓN DE</b> <b>? CALEFACCIÓN ? CLIMATIZACIÓN ? AUGA QUENTE SANITARIA</b></p> <p><i>Legislación aplicable: Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o RITE e as súas Instrucións Técnicas Complementarias, Orde do ___ de _____ de 2008</i></p>												
<p><b>DATOS DA INSTALACIÓN</b></p> <p>SITUACIÓN Rúa / lugar ..... Cp ..... Concello .....</p> <p>Referencia catastral.....</p> <p>TITULAR Nome ou razón social ..... NIF .....</p> <p>Enderezo ..... Cp ..... Concello .....</p>													
<p><b>DATOS COMPLEMENTARIOS</b></p> <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="width: 70%;">Combustibles ou enerxías empregados</th> <th style="width: 15%;">Potencia nominal</th> <th style="width: 15%;">Capacidade asociada</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td> </td> <td style="text-align: center;">kW</td> <td style="text-align: center;">m<sup>3</sup></td> </tr> <tr> <td> </td> <td style="text-align: center;">kW</td> <td style="text-align: center;">m<sup>3</sup></td> </tr> <tr> <td> </td> <td> </td> <td> </td> </tr> </tbody> </table>		Combustibles ou enerxías empregados	Potencia nominal	Capacidade asociada		kW	m <sup>3</sup>		kW	m <sup>3</sup>			
Combustibles ou enerxías empregados	Potencia nominal	Capacidade asociada											
	kW	m <sup>3</sup>											
	kW	m <sup>3</sup>											
<p><b>PROBAS</b> (Deben consignarse obrigatoriamente)</p> <p>Teñen sido comprobadas con resultado satisfactorio as probas que se indican a continuación (Achéganse follas de resultados):</p> <p>IT 2.2 PROBAS..... Data ...../...../.....</p> <p>IT 2.3 AXUSTE I EQUILIBRADO..... Data ...../...../.....</p> <p>IT 2.4 EFICIENCIA ENERXÉTICA..... Data ...../...../.....</p> <p>OUTRAS PROBAS..... Data ...../...../.....</p>													
<p><b>EMPRESA INSTALADORA</b></p> <p>Nome ou razón social ..... Nº de rexistro ..... Provincia .....</p> <p>Nome do instalador autorizado ..... Carné nº ..... da provincia de .....</p>													
<p>De acordo coas medidas e probas realizadas, das que se xuntan os resultados, certifico que a presente instalación foi executada de acordo co proxecto ou memoria técnica e que cumpre cos requisitos esixidos polo Regulamento de Instalacións Térmicas en Edificios e as súas instrucións técnicas complementarias IT,</p> <p>Dado en ..... o ..... de ..... de 20....</p>	<p>Sinatura do instalador autorizado e selo da empresa instaladora</p>												
<p><b>DIRECTOR DA INSTALACIÓN</b> (Só nos casos que necesitaron proxecto)</p> <p>Nome ..... Colexiado nº ..... Colexio de .....</p> <p>Título do proxecto.....</p>													
<p><b>MODIFICACIÓNS AO PROXECTO E A SÚA XUSTIFICACIÓN</b></p>													
<p>Sinatura do director da instalación e visado do colexio profesional</p>	<p>De acordo coas medidas e probas realizadas, das que se xuntan os resultados, certifico que a presente instalación foi executada está de acordo co proxecto e memoria técnica e que cumpre cos requisitos esixidos polo Regulamento de Instalacións Térmicas en Edificios e demais lexislación aplicable.</p> <p>Dado en ..... o ..... de ..... de 20....</p>												
<p><b>OBSERVACIÓNS</b></p>													
<p>(Espazo reservado para o dilixenciado deste documento pola Administración)</p> <p>..... de ..... de 20 ..</p> <p>O técnico competente</p>													
<p>Nº REXISTRO DE RITE</p>													

En caso de que a instalación estea composta dun conxunto de instalacións térmicas, este certificado irá acompañado de tantos certificados de instalacións individuais como xeradores térmicos existan, asinados polo instalador autorizado e selados pola empresa instaladora autorizada correspondentes

## ANEXO III

 <p><b>XUNTA DE GALICIA</b> <b>CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA</b></p> <p>Delegación Provincial de .....</p>	<p><b>MEMORIA TÉCNICA (Art. 17 RITE) DE INSTALACIÓN DE</b> <b>? CALEFACCIÓN ? CLIMATIZACIÓN ? AUGA QUENTE SANITARIA</b></p> <p><i>Lexislación aplicable: Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o RITE e as súas Instrucións Técnicas, Orde do ___ de _____ de 2008</i></p> <p style="text-align: right;">Pax. 1 de 2</p>																																				
<p><b>IDENTIFICACIÓN DA INSTALACIÓN</b></p> <p>? INSTALACIÓN NOVA ? REFORMA DA INSTALACIÓN Nº .....</p> <p>Nome do titular ..... NIF/CIF .....</p> <p>Enderezo .....</p> <p>CP ..... Concello .....</p>	<p><b>CLASE DE ESTABLECEMENTO OU USOS</b></p> <p>? Vivenda unifamiliar</p> <p>? Vivenda en edificio; nº de vivendas .....</p> <p>? Terciario ? Pública concorrencia</p> <p>? Outros .....</p>																																				
<p><u>Tipo de instalación</u></p> <p>? CALEFACCIÓN .....</p> <p>? CLIMATIZACIÓN .....</p> <p>? AUGA QUENTE SANITARIA .....</p>	<p><u>Demanda térmica:</u> Total ..... kW</p> <p>Potencia nominal (Pn) ..... kW</p> <p>Pn ..... kW</p> <p>Pn ..... kW</p>	<p><u>Tipo de enerxía ou combustible:</u></p> <p>Nº expediente da instalación de combustible asociada .....</p>																																			
<p><u>Relación con outras tramitacións (fontanería, baixa tensión, gas....)</u></p> <p>.....</p>																																					
<p><b>IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA INSTALADORA</b></p> <p>Instalador ..... Nº Carné ..... NIF .....</p> <p>Empresa Instaladora ..... Nº de rexistro ..... Provincia .....</p> <p>Enderezo ..... Teléfono .....</p>																																					
<p><b>1. EDIFICIO</b></p> <p>? Nova ? Antiga Situación respecto a outras: ? Const. anexa ? Const illada Superficie: ..... m<sup>2</sup> Ocupación (Nº Persoas): .....</p> <p><u>Distribución:</u> ? Soto ? P. Baixa ? P. Alta ? Baixo Cuberta ? Piso <u>Funcionamento:</u> ? Diario ? Temporal</p> <p><b>XUSTIFICACIÓN DE QUE AS SOLUCIÓNS PROPOSTAS CUMPREN COAS ESIXENCIAS DO RITE DE:</b></p> <p>? Benestar térmico Condicións interiores de deseño (UNE –EN-ISO 7730) Temperatura operativa: Verán ..... Inverno.....</p> <p>? Hixiene Calidade do aire interior: ? CTE-HS3 ? IDA.....</p> <p>? Eficiencia enerxética Caudal mínimo do aire exterior de ventilación..... ? ODA.....</p> <p>? Seguridade Procedemento de verificación da esixencia de Eficiencia Enerxética (IT 1.2.2): ? Simplificado ? Alternativo</p>																																					
<p><b>2. EMPRAZAMENTO</b></p> <p>Zona climática ..... Altitude .....</p> <p>Temperatura exterior mínima (T<sup>a</sup> ext. min.): .....</p>	<p><b>3. BASES DE CÁLCULO (IT 1)</b></p> <p>Achéganse as follas de cálculo de forma independente para cada local</p>																																				
<p><b>4. INSTALACIÓN</b></p> <table style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="text-align: left;"><u>Sistema:</u></th> <th style="text-align: left;"><u>Tubarías de:</u></th> <th style="text-align: left;"><u>Emisores:</u></th> <th style="text-align: left;"><u>Produción A.Q.S:</u></th> <th style="text-align: left;"><u>Tipo de Caldeira:</u></th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>? Monotubo</td> <td>? Aceiro</td> <td>? Chapa de Aceiro</td> <td>? Instantánea</td> <td>? Atmosférica</td> </tr> <tr> <td>? Bitubo</td> <td>? Cobre</td> <td>? Panel</td> <td>? Acumulador Incorporado</td> <td>? Tiro forzado</td> </tr> <tr> <td>? Chan radiante</td> <td>? Polietileno</td> <td>? Fundición de Aluminio ou Ferro</td> <td>? Acumulador Exterior</td> <td>? Estanca</td> </tr> <tr> <td>? R. Acumuladores</td> <td>? Outros .....</td> <td>? Outros .....</td> <td>? Acumulador Eléctrico</td> <td>? Baixa T<sup>a</sup></td> </tr> <tr> <td></td> <td><u>Norma:</u> .....</td> <td><u>Nº Emisores por Circuito:</u> .....</td> <td>? Enerxía solar</td> <td>? Condensación</td> </tr> <tr> <td></td> <td></td> <td><u>Nº Circuitos:</u> .....</td> <td></td> <td></td> </tr> </tbody> </table>			<u>Sistema:</u>	<u>Tubarías de:</u>	<u>Emisores:</u>	<u>Produción A.Q.S:</u>	<u>Tipo de Caldeira:</u>	? Monotubo	? Aceiro	? Chapa de Aceiro	? Instantánea	? Atmosférica	? Bitubo	? Cobre	? Panel	? Acumulador Incorporado	? Tiro forzado	? Chan radiante	? Polietileno	? Fundición de Aluminio ou Ferro	? Acumulador Exterior	? Estanca	? R. Acumuladores	? Outros .....	? Outros .....	? Acumulador Eléctrico	? Baixa T <sup>a</sup>		<u>Norma:</u> .....	<u>Nº Emisores por Circuito:</u> .....	? Enerxía solar	? Condensación			<u>Nº Circuitos:</u> .....		
<u>Sistema:</u>	<u>Tubarías de:</u>	<u>Emisores:</u>	<u>Produción A.Q.S:</u>	<u>Tipo de Caldeira:</u>																																	
? Monotubo	? Aceiro	? Chapa de Aceiro	? Instantánea	? Atmosférica																																	
? Bitubo	? Cobre	? Panel	? Acumulador Incorporado	? Tiro forzado																																	
? Chan radiante	? Polietileno	? Fundición de Aluminio ou Ferro	? Acumulador Exterior	? Estanca																																	
? R. Acumuladores	? Outros .....	? Outros .....	? Acumulador Eléctrico	? Baixa T <sup>a</sup>																																	
	<u>Norma:</u> .....	<u>Nº Emisores por Circuito:</u> .....	? Enerxía solar	? Condensación																																	
		<u>Nº Circuitos:</u> .....																																			
<p><b>5. SISTEMA DE REGULACIÓN</b></p> <p><u>Calefacción:</u></p> <p>? Termóstato Ambiente ? Centraliña de regulación</p> <p>? Válvulas Termostáticas ? Termóstato</p> <p>? Centraliña de Regulación ? .....</p> <p>? Outros .....</p> <p><u>Climatización:</u></p> <p>? Termóstato ? THM-C.....</p> <p>? Outros ..... ? IDA-C.....</p>	<p><b>6. CHEMINEA (.....)</b></p> <p>Fabricante: .....</p> <p>Modelo .....</p> <p>Certificado CE: .....</p> <p>Construción: ? Prefabricada ? Obra de fábrica <i>(Para o caso de chemineas de obra e/ou non modulares xuntarse plano dos detalles construtivos)</i></p> <p>Material:</p> <p>? Inox dobre parede ? Cerámico ? Formigón ? Outros .....</p> <p>Altura: ..... Sección (cm<sup>2</sup>): ..... Diámetro/lado (cm): .....</p> <p>Evacuación: ? A cuberta ? A fachada ? A patio</p>																																				

### ANEXO III

 <p><b>XUNTA DE GALICIA</b> <b>CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA</b></p> <p>Delegación Provincial de .....</p>	<p><b>MEMORIA TÉCNICA (Art. 17 RITE) DE INSTALACIÓN DE</b> <b>? CALEFACCIÓN ? CLIMATIZACIÓN ? AUGA QUENTE SANITARIA</b></p> <p><i>Lexislación aplicable: Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o RITE e as súas Instrucións Técnicas, Orde do __ de _____ de 2008</i></p>	<p>Pax. 2 de 2</p>
---	--	--------------------

**7. ENERXÍA E/OU COMBUSTIBLE**  
 Renovable  Residual  
Combustible:  Gasóleo  Gas Natural  Butano  Propano  Electricidade  Sólido/Outros .....

Depósitos: Nº ..... Capacidade unitaria (l): ..... Capacidade total (l): ..... Consumo mensual estimado (l): .....

<u>Estimación anual de</u>	<u>Consumo de enerxía primaria</u> ..... kWh	<u>Emisións CO<sub>2</sub></u> ..... kg/año
Método		

Demanda máxima simultánea: ..... Demanda mínima: .....

**8. COMPOÑENTES DA INSTALACIÓN**  
Xerador:  Estándar  Baixa Tª  Condensación  Mural  Mixta

COMPOÑENTE	MARCA	MODELO	MARCADO CE	POTENCIA ÚTIL	Tª MEDIA DEL AGUA ITE1241211	RENDEMENTO		
						Nº DE ESTRELAS	PLENA CARGA	CARGA AL 30%
Caldeira								
Caldeira								
Queimador				Nº etapas				
Queimador				Nº etapas				
Acumulador AQS				Capacidade (l)				
Emisores				Pot./q				
Emisores eléctricos				Potencia total				
Bomba de calor				Potencia				
Panel solar				Superficie unitaria		Superficie total		
Ventiladores				Potencia				
Bombas Circulares				Potencia				

**ACHÉGASE DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA (Artículo 17.1 apartados a), b) e d))**

**9. ORZAMENTO DA INSTALACIÓN**  
 O importe da instalación proxectada é de (Letra e número, en €): .....

**10. OUTROS**

..... de ..... de 20....

Sinatura do instalador autorizado e selo da empresa instaladora

## ANEXO IV

 <p><b>XUNTA DE GALICIA</b>  <b>CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN          E INDUSTRIA</b></p> <p>Delegación Provincial de .....</p>	<p><b>CERTIFICADO DE MANTEMENTO (IT3 RITE)</b>  <b>? CALEFACCIÓN ? CLIMATIZACIÓN ? AUGA QUENTE SANITARIA</b></p> <p><i>Legislación aplicable: Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o RITE e as súas Instrucións Técnicas Complementarias, Orde do __ de _____ de 2008</i></p>
---	---

<p><b>DATOS DA INSTALACIÓN</b></p> <p>SITUACIÓN          Rúa / lugar ..... CP ..... Concello.....          Referencia catastral.....</p> <p>TITULAR          Nome ou razón social ..... NIF.....          Enderezo ..... .CP ..... Concello .....</p>	<p>Nº(Rexistro da Instalación): .....</p>
---	---

<p><b>EMPRESA MANTEDORA</b></p> <p>Nome ou razón social ..... CIF.....          Nº de rexistro ..... Provincia .....</p> <p>Nome do mantedor autorizado ..... NIF.....          Carné nº ..... da provincia de .....</p>	
<p>De acordo coas operacións realizadas, certifico que da presente instalación foi realizado o seu mantemento co seu "Manual de Uso e Mantemento" e que cumpre cos requisitos esixidos na IT-03 do Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios e as súas instrucións técnicas complementarias, achégase resultado das operacións.</p> <p>Dado en ..... o ..... de ..... de 20....</p>	<p>Sinatura do mantedor autorizado e selo da empresa mantedora</p>

<p><b>DIRECTOR DE MANTEMENTO</b> (só nos casos que proceda )</p> <p>Nome .....          Titulación.....          Colexiado nº ..... Colexio de .....</p>	
<p>Sinatura do director de mantemento da instalación</p>	<p>De acordo coas operacións realizadas, certifico que da presente instalación foi realizado o seu mantemento co seu "Manual de Uso e Mantemento" e que cumpre cos requisitos esixidos na IT-03 do Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios e as súas instrucións técnicas complementarias, achégase resultado das operacións.</p> <p>Dado en ..... o ..... de ..... de 20....</p>

<p><b>DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA</b></p> <p>Ten sido entregado o Manual de Uso e Mantemento de data / /          Ten sido debidamente actualizado o Manual de Uso e Mantemento con data / /</p>	
<p><b>OBSERVACIÓNS / INCIDENCIAS</b></p>    	